



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DE PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DO COMITÉ DE EXPERTOS E APERTURA E EXAME DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA (SOBRE B) DO PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) PARA CONTRATACIÓN DAS OBRAS AS QUE SE REFIRE O PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NO ALLO”, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 9:30 horas do día 19 de xaneiro de 2017, réunese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Paula Suárez Cotelo, Interventora da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativo adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión proceder á apertura/exame do sobre B “referencias técnicas” presentados polos licitadores que optan á contratación, mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras as que se refire o proxecto denominado “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NO ALLO”, incluída no Plan de acción social (PAS) 2015 e propoñer ao órgano de contratación a designación do Comité de Expertos ao que se refire a cláusula 15 do prego.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN AO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN DO COMITÉ DE EXPERTOS.

Aos efectos do disposto na cláusula 15.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación de ditas obras na que se establece que: “*Para os efectos previstos na primeira fase, o Comité de Expertos ou Organismo Técnico Especializado (cuxa composición designará o órgano de Contratación a proposta da Mesa de Contratación), emitirá informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non avaliados de forma automática do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración ...*”, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Único.- Propoñer ao Órgano de Contratación que proceda a designación como membros do Comité de Expertos para o contrato das obras de “RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO NO ALLO” (Ponte do Porto), incluída no Plan de acción social (PAS) 2015, a:

- D^a M^a Asunción Méndez Vilalta, arquitecta municipal.
- Dous expertos designados pola Excma. Deputación Provincial da Coruña a petición deste Concello.

3º.- APERTURA E EXAME DO SOBRE B “REFERENCIAS TÉCNICAS”:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

En acto público, previa lectura dos preceptos obrigatorios e demais particulares do expediente de contratación, o sr. Presidente ordena a apertura do sobre B subtítuloado “Referencias Técnicas” con exclusión do sobre C subtítuloado “Oferta Económica e referencia avaliábles automaticamente”.

Non asistindo ao acto de apertura ningún licitador, procédese por parte do secretario da mesa á apertura dos sobres B e a dar lectura da documentación aportada polo licitadores.

Examinada formalmente dita documentación, a Mesa de Contratación fai constar, o seguinte:

O licitador núm. 4 EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L., no apartado B.2 da documentación presentada, páxinas 65 e 66, fai constar a porcentaxe de control de calidade externo (4%, 1% mínimo obrigatorio e 3% incremento ofertado).

O licitador núm. 15 MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., presenta a documentación do sobre B de “referencias técnicas” en soporte CD.

O licitador núm. 18 ESPINA & DELFIN, S.L., no apartado 1.2.4 da documentación, Asignación de Equipos, Planificación Económica da Obra, fai referencia a obra “Pavimentación y Saneamiento en la Calle Campo do Outeiro. Ponte do Porto”.

O licitador núm. 19 CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., presenta a documentación do sobre B de “referencias técnicas” en soporte CD.

Respecto aos restantes licitadores non se observa ningunha cuestión reseñable/destacable respecto ao cumprimento do esixido polo prego para o sobre B.

Así á vista do anterior a Mesa de Contratación trata as seguintes cuestións e adopta os oportunos acordos.

3º.1. SOBRE B DE “REFERENCIAS TÉCNICAS” PRESENTADA POLOS LICITADORES EN SOPORTE CD.

Visto que o licitador núm. 15 MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L., presenta a documentación do sobre B de “referencias técnicas” en soporte CD.

Visto que núm. 19 CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L., presenta a documentación do sobre B de “referencias técnicas” en soporte CD.

A mesa de contratación, acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Único: Acceder nese momento ao contido destes CDs mediante un ordenador das oficinas municipais.

Tras este acceso faise constar na presente acta, que os CDs conteñen, en principio:

1º.- Un documento en formato pdf asinado dixitalmente por: “ENTIDAD MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L. - CIF B70374376 - NOMBRE PÉREZ PARDAL, JUAN JOSE - NIF 33300976N”.

2º.- Un documento en formato pdf asinado dixitalmente por: “ENTIDAD CYS HISPANIA, S.L.- CIF B74282781 - NOMBRE RAMOS MARTIÑÁN, JOSE ANTONIO - NIF 47401380J”.

Non obstante e tras esta comprobación a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros ACORDA:

Único: Solicitar ao Técnico Informático municipal que emita un informe relativo a si a documentación/ofertas presentado/as polos licitadores en soporte CD no sobre B “referencias técnicas” está debidamente asinada dixitalmente e en formato pdf non sendo susceptible de alteración algunha, aos efectos de poder decidir sobre a súa admisión.

3º.2. DOCUMENTACIÓN DE ESPINA & DELFIN, S.L ASIGNACIÓN DE EQUIPOS, PLANIFICACIÓN ECONÓMICA DA OBRA, NA QUE FAI REFERENCIA A OBRA



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

“PAVIMENTACIÓN Y SANEAMIENTO EN LA CALLE CAMPO DO OUTEIRO. PONTE DO PORTO”.

Visto que o licitador núm. 18 ESPINA & DELFIN, S.L., no apartado 1.2.4 da documentación, Asignación de Equipos, Planificación Económica da Obra, fai referencia a obra “Pavimentación y Saneamiento en la Calle Campo do Outeiro. Ponte do Porto”.

A mesa de contratación, acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Único: Que este aspecto sexa analizado/estudado polo Comité Expertos aos efectos de determinar se existindo este erro, a oferta cumpre co esixido polo prego e pode en consecuencia ser admitida ou debe ser obxecto de rexeitamento.

3º.3. DOCUMENTACIÓN DO LICITADOR NÚM. 4 EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L

Visto que o licitador núm. 4 EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L., no apartado B.2 da documentación do sobre B, páxina 65 e 66, fai constar a porcentaxe de control de calidade externo (4%, 1% mínimo obrigatorio e 3% incremento ofertado).

Visto que o control de calidade externo é un contido do sobre C subtítulo “Oferta económica e referencias avaliadas automaticamente” e non do Sobre B subtítulo “Referencias técnicas”, cuxo contido se corresponde con criterios non avaliados de forma automática.

Visto que o art. 1 do TRLCSP establece como un dos fins da regulación da contratación do sector público o de garantir que esta se axuste ao principio de non discriminación e de igualdade de trato dos candidatos. No mesmo sentido o art. 139 dispón que “Os órganos de contratación darás aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustaran a súa actuación ao principio de transparencia”.

Visto que o art. 145.2 do TRLCSP dispón que “As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública, sen prexuízo do disposto nos artigos 148 e 182 en canto a información que deba facilitarse na subasta electrónica ou no diálogo competitivo”.

Considerando que así mesmo, o art. 150.2 do TRLCSP establece a orde procedimental para a valoración das ofertas: “2. Os criterios que teñan que servir de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e se detallarán no anuncio, nos pregos de cláusulas particulares ou no documento descritivo.

(...) A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorran esta circunstancia, deixándose constancia documental de ilo. As normas de desenvolvemento desta lei determinarán os supostos e condicións en que deba de facerse pública tal avaliación previa, así como a forma na que deberán presentarse as proposicións para facer posible esta avaliación separada”.

Visto que o art. 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, dispón que: “A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa de un xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se teña efectuado a valoración daqueles”.

Considerando pois que as cautelas que se establecen para a valoración dos criterios de adxudicación non son meros requisitos formais do procedemento, senón que teñen por obxecto, en aras do principio de non discriminación e igualdade de trato dos licitadores, obter a máxima obxectividade posible na valoración dos criterios que deben de servir de fundamento á adxudicación do contrato. Por ilo, o coñecemento anticipado dos que son aplicados mediante fórmulas poden afectar ao resultado de dita valoración, e cando é coñecida soamente a dunha parte dos licitadores implica desigualdade no trato destes.

Considerando pois que a finalidade última da apertura de documentación en dous momentos temporais distintos é manter a máxima obxectividade na valoración dos criterios que non dependen de aplicación dunha fórmula, e evitar así que o coñecemento



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

da valoración dos criterios obxectivos poida influír na dos suxeitos a un xuízo de valor, e que de elo se deduce que se se admitira a documentación correspondente aos licitadores que non teñan cumprido estritamente a esixencia de presentar de forma separada ambos tipos de documentación, a documentación de carácter técnico, presentado por estes, poda ser valorada con coñecemento dun elemento de xuízo que falta nas outras, de modo que se infrinxirían os principios de igualdade e non discriminación que con carácter xeral se consagran no TRLCSP.

A vista do anterior, a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Excluir ao licitador núm. 4 EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L., por facer constar no apartado B.2 da documentación do sobre B, páxina 65 e 66, a porcentaxe de control de calidade externo (4%, 1% mínimo obrigatorio e 3% incremento ofertado).

Segundo.- Notificar o acordo de exclusión a EXCAVACIONES YONI TUÑAS, S.L. con indicación dos recursos que procedan (alzada).

4º.- SOLICITUDE DE INFORME AO COMITÉ DE EXPERTOS.

De conformidade co previsto no prego de Cláusulas Administrativas a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros, acorda:

Primeiro.- Solicitar ao Comité de Expertos designado neste procedemento de contratación, que emita informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adjudicación non avaliados de forma automática do procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración (excepto o factor prezo e demais criterios avaliados de forma automática) á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B de "Referencias técnicas", criterios de valoración non avaliados de forma automática mediante fórmulas (cláusula 15.1 do prego). Este informe deberá dar resposta ao acordado por esta mesa de contratación en relación ao licitador núm. 18 ESPINA & DELFIN, S.L., por ter incluído no apartado 1.2.4 da documentación, Asignación de Equipos, Planificación Económica da Obra, unha referencia a obra "Pavimentación y Saneamiento en la Calle Campo do Outeiro. Ponte do Porto", isto é, determinar se existindo este erro, a oferta cumpre co esixido polo prego e pode en consecuencia ser admitida ou debe ser obxecto de rexeitamento.

Segundo.- Advertir ao Comité de Expertos que no caso de detectar a inclusión de documentación correspondente ao sobre C neste sobre deberá dar traslado de forma inmediata ao Presidente da Mesa de Contratación sen proceder a valoración da devandita oferta.

Terceiro.- Que unha vez emitido o informe de valoración, se dea traslado de forma inmediata ao Presidente da Mesa de Contratación aos efectos de que se convoque a oportuna sesión/s para proceder ao seu análise e adoptar a/s decisión/s que corresponda.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, a presidente levanta a sesión, sendo as 10:20 hora do día da data, do que como secretario dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace,
O PRESIDENTE,
D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,
D. Victorino Nión Carril